


A Mar, polo teu sorriso ...





Barafunda editorial. Vigo
Tfnos: 986221218 - 629383536
E-mail: barafunda@barafundaanimacion.com
Web: www.barafundaanimacion.com
© Textos: Manuel Castro Lima, 2013
© Desta edición: Barafunda editorial, 2013
Deseño: Francisco Ameixeiras Sánchez
1ª Edición: Novembro de 2013
Depósito Legal:
I.S.B.N.: 978-84-941985-0-2



Reservados todos os dereitos. Non se permite a reprodución total ou parcial deste libro nin a incorporación a sistema informático nin a súa transmisión en calquera forma ou por calquera medio sen a preceptiva autorización.


Textos: Manuel Castro Lima

Baseado nunha idea orixinal de
Mª Mar Ameixeiras Sánchez e M. Castro Lima




Pepiña Maruxiña quere voar

Ilustracións: Francisco Ameixeiras Sánchez



parafunda
editorial





Pepiña Maruxiña, vivía alegre cos seus amigos nun pequeno currencho dun fermoso xardín.

Como tódolos días cando saía o sol
ela, despertaba ...

CRI-CRI-CRI

zzzz

Ki-Ki-Kiii



- Bo día sol !

Hoxe soñei que podía voar
por enriba das flores

poderíame ensinar a voar coma ti ?

- Coma min só poden voar
a lúa e as estrelas.
Se queres voar precisas ás.

- Pero ... eu non teño ás !
- Non te preocupes, eu coñezo alguén que
te pode axudar... É a raíña das flores,
a fada que vive neste xardín.
- E como podo atopala ?
- Tes que buscar moi ben... e atoparala.

Que teñas moita sorte, Pepiña...